

imaxin software | nota de prensa  
16|12|2004

**de:** área de comunicación  
**para:** medios  
**asunto:** xestor de proxectos empresas TIC

## **CESGA e imaxin|software asinan un convenio para desenvolver un sistema de xestión de proxectos en software libre para empresas TIC en plataforma Linux**

ESTE SISTEMA DE XESTIÓN DE PROXECTOS RESULTADO DUN PROCESO DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA, ESTARÁ ADAPTADO A EMPRESAS TIC E MELLORARÁ A PRODUTIVIDADE DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO NO SECTOR.

A partir dunha aplicación de xestión de proxectos en software libre desenvolvida pola Fundación CESGA centrada en proxectos de investigación, imaxin|software ampliouna e adaptouna para fornecer ao sector das PEMES do sector das TIC dunha aplicación xestora de proxectos de desenvolvemento de software. A versión definitiva será finalizada en Xaneiro do 2005.

Esta aplicación web xestiona todo o relativo os proxectos dunha empresa, as fases dun proxecto, desde o estudo económico e facturas, até as tarefas e as horas que emprega cada traballador en cada proxecto. Ademais xestiona diferentes perfís de usuario traballadores, clientes, socios, comerciais e demais persoal de empresa. Permite ademais estudar dinamicamente as ganancias ou perdas dun proxecto software, así como que os clientes podan ver o estado de desenvolvemento do proxecto.

A sinatura terá lugar o venres, **17 de decembro**, ás **12.00 da mañá** na Secretaría Xeral de I+D, coa presenza de **D. Pedro Merino**, Director Xeral de I+D, **D. Xavier García Tobío**, Director do CESGA e **D. José Ramon Pichel Campos**, Director da área de tecnoloxía lingüística de imaxin|software.

url: <http://www.imaxin.com> mail: [imaxin@imaxin.com](mailto:imaxin@imaxin.com)  
imaxin agradece a difusión desta nota

voz: 661325027

